



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 14 DE SETEMBRO DE 2018

LICENZAS

FAVORABLE.-

LIC/376/2018.- ZOAR RESIDENCIAL, S.L.- Conceder licenza para realizar obras de reforma interior de 11 vivendas en planta 1ª, 2ª e 3ª no inmovible sito na Rúa Doutor Teixeiro,16.

LAP/116/2018.- AMADE, S.L.- Conceder licenza para a construción dunha nave para loxística e transporte urxente de paquetería e mensaxería na Rúa País Vasco, 16-18.

PARCELAMENTOS / SEGREGACIÓNS

LIC/456/2018.- ALBINO MUNÍN PAMPÍN.- Conceder licenza para realizar a división do local sito na Rúa Antón Vilar Ponte, 2.

LIC336/2018.- PALMIRA VILARIÑO CALVIÑO.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para realizar a agrupación e posterior segregación da parcela sita en Lugar de Carballal, Parroquia de Santa María de Vilvestro.

RECURSO DE REPOSICIÓN

LAP/173/2017.- NATURGY IBERIA, S.A.- Estimar o recurso de reposición formulado contra a resolución de data 29 de xuño de 2018 da Xunta de Goberno Local denegatoria da licenza de obras para a instalación dunha estación de subministro de gas natural comprimido na Vía La Cierva, 34 e continuar co procedemento ao emitirse Declaración favorable de incidencia ambiental.

LAP/61/2017.- GALP ENERGÍA ESPAÑA, S.A.U.- Estimar o recurso de reposición formulado contra a resolución de data 6 de xullo de 2018 da Xunta de Goberno Local denegatoria da licenza de obras para a instalación dunha unidade de subministro de combustible na Rúa do País Vasco, 6 e continuar co procedemento ao tramitarse nova Declaración favorable de incidencia ambiental.

2.- Recoñecemento de obrigas. Apróbase a proposta.

3.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á aceptación de subvencións. Acórdase aceptar a subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a realización do obradoiro de emprego "Habilits" por importe de 154.262,40 euros. Acórdase tamén a aceptación da subvención da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais para a realización do Plan Xuvenil "Impulsa", por importe de 526.564,16 euros.

4.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á aprobación do procedemento para a selección das persoas participantes no programa "PLAN XUVENIL IMPULSA". Apróbase a proposta.

5.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o CLUB DE ATLETISMO FONTES DO SAR. Apróbase o convenio, que supón unha subvención nominativa por importe de 12.000 euros.

6.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E DISCIPLINAS ASOCIADAS. Apróbase o convenio, que supón unha subvención nominativa por importe de 6.000 euros.

7.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO. Apróbase o convenio, que supón unha subvención nominativa por importe de 10.000 euros.

8.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á reanualización económica do contrato de prestación integral dos servizos de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas. Apróbase a proposta.

9.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á ampliación do prazo de execución das "obras de renovación e ampliación do sistema de céspede sintético, e do sistema de rega no campo de fútbol municipal de Santa Isabel". Acórdase ampliar o prazo das obras adjudicadas á empresa Francisco Gómez y Cia SL-Calfensa Proxectos SL ata o 24 de setembro, xa que a demora das obras non deriva en causas imputables ao contratista.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á resolución do contrato de execución das obras de "reparación da rúa Escarabuña e anexas. POS 2015". Apróbase a proposta e outórgase á empresa Construcciones Taboada Ramos SL un prazo de quince días hábiles para presentar alegacións.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á resolución do contrato de execución das obras de "reparación da rúa Pedreira e anexas. POS 2015". Apróbase a proposta e outórgase á empresa Construcciones Rafer SL un prazo de quince días hábiles para presentar alegacións.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á resolución do contrato de "obras de construción dun aparcadoiro provisional disuasorio na parcela EQ1 do parque empresarial da Sionlla". Apróbase desestimar as alegacións presentadas por VIPECA SL polo que procede á resolución do contrato formalizado coa empresa ante o incumprimento culpable das obrigas esenciais do contrato. Levarase a cabo un procedemento contraditorio, con audiencia do contratista e avalista, para determinar danos e prexuízos que deban ser indemnizados con cargo á garantía definitiva.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras para realizar obras de reforma interior de 11 vivendas en planta 1ª, 2ª e 3ª no inmovible sito na Rúa Doutor Teixeira,16. LIC/376/2018. Apróbase a proposta.

14.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras para a construción dunha nave para loxística e transporte urxente de paquetería e mensaxería na Rúa País Vasco, 16-18. LAP/116/2018. Apróbase a proposta.

15.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras para realizar a división do local sito na Rúa Antón Vilar Ponte, 2. LIC/456/2018. Apróbase a proposta.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para realizar a agrupación e posterior segregación da parcela sita en Lugar de Carballedo, Parroquia de Santa María de Vilvestro. LIC336/2018. Apróbase a proposta.

17.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á estimación do recurso de reposición formulado contra a resolución de data 29 de xuño de 2018 da Xunta de Goberno Local denegatoria da licenza de obras para a instalación dunha estación de subministro de gas natural comprimido na Vía La Cierva, 34 e continuar co procedemento ao emitirse Declaración favorable de incidencia ambiental. LAP/173/2017. Apróbase a proposta.

18.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á estimación do recurso de reposición formulado contra a resolución de data 6 de xullo de 2018 da Xunta de Goberno Local denegatoria da licenza de obras para a instalación dunha unidade de subministro de combustible na Rúa do País Vasco, 6 e continuar co procedemento ao tramitarse nova Declaración favorable de incidencia ambiental. LAP/61/2017. Apróbase a proposta.

19.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación da modificación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbana do Concello de Santiago. Apróbase a proposta.

20.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á contestación de escritos da Tesourería Xeral da Seguridade Social sobre a formalización de escritura de cesión de tres locais en Vite para o centro de saúde. Acórdase rexeitar as alegacións realizadas ao escrito presentado o 1/06/2018 pola Directora Provincial da TXSS e confirmar a resolución de Alcaldía de 21/05/2018 que sinala a non procedencia de formalizar a favor da TXSS escritura pública de cesión dos tres locais que conforman o Centro de Saúde de Vite por incompetencia para cumprir o fin sanitario que motivou a súa cesión. Iníciase o expediente para adscribir polo Concello de Santiago o citado centro de saúde á Comunidade Autónoma de Galicia dándolle audiencia para que formule alegacións.

21.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a ASOCIACIÓN FONTE DA VIRXE DE FAMILIARES E AMIGOS DOS ENFERMOS MENTAIS PARA O ANO 2018. Apróbase o convenio, que supón unha subvención nominativa por importe de 3.500 euros.

22.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a ASOCIACIÓN DE MULLERES CON DISCAPACIDADE DE GALICIA (ACADAR) PARA O ANO 2018. Apróbase o convenio, que supón unha subvención nominativa por importe de 3.000 euros.

23.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a ASOC DE PAIS DE PERSOAS CON TRASTORNO DE ESPECTRO AUTISTA TEA (ASPANAES) PARA O ANO 2018. Apróbase o convenio, que supón unha subvención nominativa por importe de 3.000 euros.

24.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA PARA O ANO 2018. Apróbase o convenio, que supón unha subvención nominativa por importe de 10.000 euros.

25.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a ASOCIACIÓN GALEGA PARA AXUDA DOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER (AGADEA) PARA O ANO 2018. Apróbase o convenio, que supón unha subvención nominativa por importe de 3.000 euros.

26.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do Plan Municipal de Prevención de Drogodependencias 2018-2021. Apróbase a proposta.

28.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación de convenio de colaboración coa Consellería de Política Social para a cesión a título gratuito dunha parcela, e construción dun centro de residencia de persoas maiores. Apróbase o texto do convenio sobre cesión dun predio de 3.018 metros cadrados para que a Consellería de Política Social constrúa sobre el unha residencia de persoas maiores nas Fontiñas cunha capacidade para 120 prazas.

29.- Dar conta polo concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade da corrección de erro no texto das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a mobilización de vivendas en alugueiro dispoñibles, do concello de Santiago. Dáse conta.

30.- Dar conta polo concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade das addendas nºs 4 e 5 ao convenio para financiamento da revisión do Plan especial de protección da Cidade histórica do concello de Santiago. Dáse conta.

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á alta do tratamento do sistema Colecamiños no rexistro de actividades de tratamento do Concello de Santiago. Apróbase a proposta.

2.-Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio cona Federación Galega de Atletismo para o desenvolvemento e coorganización do VII Circuito de Carreiras Saudables “Corresan”. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 33.450 euros.